

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo PRO85PRO01

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE ÓBOE

Centro: Cmus Xan Viaño

Materia/disciplina: Óboe

Curso 2024 - 2025

7

1. Introducción	6
2. Metodoloxía	6
2.1 Organización do tempo e do espazo.	6
2.2 Principios metodolóxicos.	7
2.3 Contexto de aprendizaxe.	8
3. Atención á diversidade	8
4.1 Educación en valores	10
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	10
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.	11
6. Secuenciación dos cursos	12
6.1 Curso: 1º de Grao Elemental.	12
6.1.1 Obxectivos	12
6.1.2 Contidos	13
6.1.3 Avaliación	14
6.1.4 Medidas de recuperación	20
6.1.5 Recursos didácticos	23
6.2.1 Obxectivos	24
6.2.2 Contidos	25
6.2.3 Avaliación	26
6.2.4 Medidas de recuperación	32
6.2.5 Recursos didácticos	34
6.3. Curso: 3º de Grao Elemental.	35
6.3.1 Obxectivos	35
6.3.2 Contidos	37
6.3.3 Avaliación	37
6.3.4 Medidas de recuperación	43
6.3.5 Recursos didácticos	45
6.4. Curso: 4º de Grao Elemental	47
6.4.1 Obxectivos	47
6.4.2 Contidos	48
6.4.3 Avaliación	50

6.4.4 Medidas de recuperación	56
6.4.4 Recursos didácticos	58
6.5. Curso: 1º de Grao Profesional	60
6.5.1 Obxectivos	60
6.5.2 Contidos	61
Avaliación	62
6.5.4 Medidas de recuperación	68
6.5.5 Recursos didácticos	70
6.6 Curso: 2º de Grao Profesional	72
6.6.1 Obxectivos	72
6.6.2 Contidos	73
6.6.3 Avaliación	74
Medidas de recuperación	81
6.6.5 Recursos didácticos	83
6.7. Curso: 3º De Grao Profesional	85
6.7.1 Obxectivos	85
6.7.2 Contidos	87
6.7.3 Avaliación	87
Medidas de recuperación	94
6.7.5 Recursos didácticos	96
6.8 Curso: 4º De Grao Profesional	98
6.8.1 Obxectivos	98
6.8.2 Contidos	100
6.8.3 Avaliación	100
6.8.4 Medidas de recuperación	106
6.8.5 Recursos didácticos	109
6.9. Curso: 5º De Grao Profesional	110
6.9.1 Obxectivos	110
6.9.2 Contidos	112
6.9.3 Avaliación	112
6.9.4 Medidas de recuperación	120

6.9.5 Recursos didácticos	122
6.10. Curso: 6º De Grao Profesinal.	124
6.10.1 Obxectivos	124
6.10.2 Contidos	126
6.10.3 Avaliación	126
6.10.4 Medidas de recuperación	134
6.10.5 Recursos didácticos	136
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	138
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	139
9. ANEXOS	140
9.1 Probas de acceso a 1º de Grao Profesional	140
9.1.1 Contidos:	140
9.1.2 Criterios de avaliación e de cualificación	141
9.2 Probas de acceso a outros cursos: 2º de Grao Elemental	141
9.2.1 Contidos.	142
9.2.1 Criterios de avaliación e de cualificación	142
9.3 Probas de acceso a outros cursos: 3º de Grao Elemental	143
9.3.1 Contidos.	144
9.3.2 Criterios de avaliación e cualificación	144
9.4 Probas de acceso a outros cursos: 4º de Grao Elemental	145
9.4.1 Contidos.	145
9.4.2 Criterios de avaliación e cualificación	146
9.5 Probas de acceso a outros cursos: 2º de Grao Profesional.	147
9.5.1 Contidos	148
9.5.2 Criterios de avaliación e cualificación	149
9.6 Probas de acceso a outros cursos: 3º de Grao Profesional	149
9.6.1 Contidos	150
9.6.2 Criterios de avaliación e cualificación	151
9.7 Probas de acceso a outros cursos: 4º de Grao Profesional	151
9.7.1 Contidos	153

9.7.2 Criterios de avaliación e cualificación	153
9.8 Probas de acceso a outros cursos: 5º de Grao Profesional	154
9.8.1 Contidos	155
9.8.2 Criterios de avaliación e cualificación.	155
9.8 Probas de acceso a outros cursos: 6º de Grao Profesional	156
9.8.1 Contidos	157
9.8.2 Criterios de avaliación e cualificación	157
9.9 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.	158

1. Introducción

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Para o Grao Elemental a lei establece no artigo 48 que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dadas no posterior decreto 198/2007, do 27 de setembro. En canto ao Grao Profesional a lei establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas (203/2007 do 27 de Setembro).

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. En canto ao Grao Profesional a finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artísticade de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste Departamento no Cmus Xan Viaño de Ferrol.

2. Metodoloxía

2.1 Organización do tempo e do espazo.

A organización do tempo durante as clases seguirá a seguinte secuencia de actividades:

- Comezaráse coa rutina organizativa consistente na montaxe do instrumento, preparación de material e exercicios de quencemento.
- Seguidamente unha actividade de introdución ou unha actividade baseada nos coñecementos previos.
- Desenvolvemento dun novo contido, a través do repertorio de obras estudos e/ou exercicios específicos.

- Actividades para afianzar ou consolidar certas aprendizaxes.
- Actividades para reforzar ou ampliar os contidos traballados durante a sesión se fora o caso.
- Para finalizar planificaráse a tarefa para a casa baseada no traballo realizado na aula.

Para o desenvolvemento semanal das clases o espazo asignado será a aula de óboe; facendo uso doutros espazos no caso dos ensaios co/ca pianista acompañante, outras actividades complementarias (audi-cións, conmemoración de datas...) ou actividades extraescolares como asistencia a concertos, cursiños, conferencias, actividades de servizo ou de promoción, etc.

2.2 Principios metodolóxicos.

- Promover a participación, partindo de aprendizaxes previos e das características psicolóxicas propias de cada idade.
- Realizar actividades que sirvan de conexión entre as aprendizaxes previas e as novas.
- Funcionalidade das aprendizaxes, estas deben servir-lle ao alumnado para ser aplicados en distintas situacións e lugares.
- O alumnado aprende en relación co profesorado establecéndose, a través da empatía, unha relación que favorece as interaccións tanto afectivas como cognitivas.
- Conexión dos contidos da materia de instrumento co resto de materias.
- Establecer metas que se corresponden coas capacidades reais do alumno, aínda que con suficiente grao de novidade para estimular a curiosidade.
- A labor docente como mediador no proceso de ensinanza-aprendizaxe debe realizarse en coherencia cos principios anteriores, de tal xeito que non será un elemento pasivo, se non que será necesaria unha interacción permanente.

Unha característica das estratexias metodolóxicas é a flexibilidade, non son inmóviles, se non que o profesorado deberá empregarlos e adaptalos segundo a realidade que o rodea e a súa percepción acerca da ensinanza, subordinados ás condicións psicolóxicas de quen aprende e que ten por obxecto gualo para descubrir por sí mesmo os coñecementos na sociedade e non contexto en que vive.

Polo tanto como métodos didácticos principais podemos nomear: aquel que favorece a aprendizaxe por descubrimento/ a reflexión; o baseado en proxectos; a imitación, ou método proactivo no que se fan preguntas sobre contidos non dados para que o alumnado tome conciencia do seu punto de partida.

2.3 Contexto de aprendizaxe.

Referimos neste punto á motivación e aos condicionantes do estudo.

Para favorecer a motivación intrínseca o alumnado precisa respostas (qué vou estudar, para que serve esta técnica/exercicio...) par o cal os docentes deben:

- Asegurar o como se fai pero tamén o por qué.
- Favorecer a reflexión sobre os beneficios e vantaxes unha vez adquiridas as aprendizaxes; así como axudar a que tomen conciencia das súas propias motivacións.
- A esperanza e o optimismo como pausas motivadoras, integrando na súa mente a potencialidade para aprender, o erro como dereito e paso obrigado para superar límites.
- Coidar a autoestima para que o futuro instrumentista se sinta capaz.
- Axustar o nivel de esixencia verificando que é efectivo e non un obstáculo para o progreso.

En canto a motivaicón extrínseca pode vir condicionada polo seu propio ambiente ou contexto familiar, as ofertas musicales da súa localidade, et.

Xa que o contexto de estudo é relevante e pode condicionar de xeito evidente o progreso, orientaremos ao alumnado a crear un ambiente idóneo para o mesmo, tranquilo, sen distraccións, co material de traballo a man, atril unha silla axeitada, luz directa; coidaremos tamén de transmitir as estratexias para a automotivación no estudo individual favorecendo a concentración e o interés durante a práctica (fraccionar o estudo, escolla do día e da hora segundo o resto de tarefas, o nivel de enerxía, o estado da nosa mente, etc.)

3. Atención á diversidade

Considérase alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que, por presentar necesidades educativas especiais ou dificultades específicas de aprendizaxe, por amosar altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo ou que polas súas condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Neste apartado poderíamos incluír a alumnos con dificultades de varios tipos: aprendizaxe, adaptación social, desordenes de personalidade ou altas capacidades intelectuais. Cada caso valorarase e considerarase para determinar as posibilidades de intervención, podendo facer adaptacións curriculares non significativas.

Os alumnos/as que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos eles aprenden ó mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado. Para dar resposta á diversidade teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que planifiquen diversas estratexias para o logro dos obxectivos.
 - Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
 - Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
 - Respeitar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
 - Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
 - Planificar actividades de diferente dificultade e integrar ó alumnado na máis axeitada ó seu nivel.
 - Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
 - Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos/as.

4.1 Educación en valores

Son aqueles elementos comúns a varias materias que se traballan, neste caso, dende a materia de instrumento; implicando a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, as TIC, o emprendemento e a transmisión de valores como a tolerancia, o respecto hacia os demais, a igualdade, a responsabilidade, o compromiso, actitude positiva, ademáis do fomento de hábitos saudables ou o desenvolvemento sostenible entre outros.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías (novas tecnoloxías) levou, hoxe, unha nova revolución, permitindo o crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo - música.

As TIC permiten, entre outras cousas, editar partituras; facer gravacións; interaccións multimedia da imaxe, audición, vídeo, animación, texto, etc.; introducir instrumentos; estudo con acompañamento musical; sen intérpretes; usar correccións técnicas en tempo real ou en diferido...

Todas as vantaxes que proporcionan as Tic,s teñen unha influencia positiva no proceso de aprendizaxe xa que permiten que en pouco espazo combinan música, imaxe e movemento; facilitan o traballo do profesor; permiten desenvolver competencias e habilidades para afrontar a sociedade de hoxe, tan fortemente influenciado pola tecnoloxía; facilitan e motivan para o estudo e comprensión dos instrumentos da orquestra sinfónica; serven para motivar e estimular os/ás alumnos/as cos medios que sempre motivan preto da súa experiencia cotiá; facilitan e aproximan ao estudo da música a calquera persoa que teña Internet, grazas a propostas de aprendizaxe musical; permiten a converxencia de educación, cultura, imaxe e son; fomentan a creatividade; serven como un punto de partida para actividades de expresión vocal e instrumental; promoven a aprendizaxe das competencias determinadas; facilitan a visión e consumo musical...

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.

Dentro das actividades complementarias culturais e de promoción das ensinanzas musicais están, principalmente, a asistencia por parte do alumnado a audicións, ensaios co/a pianista acompañante, cursos e exposicións e concertos.

- **Audicións**

Son de carácter obrigatorio. Organizaranse distintas audicións ao longo do curso en colaboración cos distintos departamentos, especialmente co de vento-madeira, e principalmente audicións de óboe. Realizarase, como mínimo, unha audición por trimestre no auditorio do centro (salvo excepcións) podendo realizarse outras audicións tanto no auditorio coma na aula. Ademais tamén poderán realizarse fóra do centro.

As audicións serán tanto individuais como en grupo e, por suposto, tamén coa colaboración do/a pianista acompañante do centro.

Como mínimo esixirase a asistencia de dúas audicións ao ano, unha delas obrigatoriamente con piano.

- **Ensaio con piano**

Tamén son de carácter obrigatorio. As obras traballadas durante o curso deberán ser ensaiadas co/a pianista.

No Grao Profesional e 4º de Grao Elemental realizaranse como mínimo tres ensaios por trimestre para poder participar nunha audición, sen ser necesaria a asistencia do/a profesor/a a estes. Estes ensaios serán independentes da súa clase de óboe (podendo igualmente o/a profesor/a requirir a presenza do/a pianista na súa clase).

- **Cursos e exposicións**

De recomendada asistencia. Valorarase positivamente a asistencia aos distintos cursos e exposicións que organice a especialidade de óboe durante o ano académico, e a outros organizados tanto polo departamento de vento-madeira e outros departamentos como fóra do conservatorio.

- **Concertos**

No conservatorio lévanse a cabo diferentes actividades para promocionar as ensinanzas musicais tales como a “Semana de Santa Icíá”, “Semana da Muller”, “Semana da Música Galega”, “Concerto de Nadal” e outros extraordinarios...tamén se recomenda a asistencia. Valorarase a asistencia aos distintos concertos organizados no auditorio do centro. Ademais informárase aos/as alumnos/as dos concertos que se consideren de especial importancia para a súa formación organizados fóra do centro.

6. Secuenciación dos cursos

6.1 Curso: 1º de Grao Elemental.

6.1.1 Obxectivos

Obxectivos do Decreto 198/2007

1. Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favorezca a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.
2. Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
3. Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
4. Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
5. Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
6. Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os matices para lle dar cor e expresión á interpretación musical.
7. Coñecer a montaxe e a fabricación das lingüetas e poder rebaxalas para o seu correcto funcionamento.
8. Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

Obxectivos 1º Grao Elemental.

1. Tomar conciencia da importancia dunha boa posición do instrumento en relación ao corpo que permita respirar con naturalidade e favorezca a coordinación sobre a dixitación, con especial atención á cabeza, brazos e mans.

2.1 Coñecer as bases da técnica de respiración diafragmática para favorecer a formación da columna de aire.

2.2 Coñecer e fortalecer de xeito progresivo a musculatura que intervéen na formación da embocadura para unha correcta emisión, articulación e control da afinación dacordo ao nivel.

2.3 Empregar as articulacións básicas (legato, picado, combinacións simples de ambas).

3.1 Tomar conciencia dos mecanismos que interveñen na afinación para desenvolver progresivamente a capacidade de corrección das notas.

3.2 Emitir coa cana un SI e un DO de xeito estable.

4. Coñecer algunhas das características e das posibilidades sonoras máis identificativas do instrumento.

5. Desenvolver progresivamente unha sensibilidade auditiva que permita mellorar o control sobre a afinación así como poñer atención continua á calidade do son.

6.1 Emitir sons de xeito estable no primeiro rexistro do instrumento (ata o sol5)

6.2 Coñecer o significado dos termos e o empregar progresivamente os matices básicos (p e f).

7. Coñecer o material preciso para o proceso de atado das lingüetas.

8. Interpretar un repertorio básico de diferentes épocas e estilos acorde a este nivel.

9.1 Coñecer a familia do óboe e as partes do instrumento.

9.2 Montar e desmontar o instrumento.

9.3 Coñecer e aplicar os coidados básicos de limpeza e mantemento do instrumento, así como do material necesario para o bo descorrer da clase.

10. Fomentar a participación en audicións públicas ou de aula, tomando contacto cos aspectos escénicos e interpretativos.

11. Fomentar hábitos de estudo que favorezan o desenvolvemento progresivo da autonomía.

12. Valorar o silencio como elemento técnico para concentrarnos na interpretación e na audición da música.

13. Coñecer e aplicar ferramentas básicas para a memorización de pequenas frases, exercicios e/ou fragmentos musicais.

6.1.2 Contidos

- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar, con diversos exercicios tumbados, sentados e de pé.
- Fortalecemento dos músculos faciais e abdominais con exercicios de cana e instrumento (notas longas e sostidas controlando afinación, son e dosificación do aire).
- Exercicios de presión ca cana, emitindo un do sostido, para acadar unha correcta emisión, afinación e calidade do son.
- Exercicios de vocalización coa finalidade de lograr elasticidade nos saltos de intervalos.

- Exercicios de iniciación para o desenvolvemento da dixitación, con especial atención á posición corporal en xeral e a das mans e dedos en particular.
- Emisión do son en diferentes dinámicas e alturas.
- Coñecemento e adquisición progresiva dunha gama básica de articulacións (legato e staccato).
- Desenvolvemento da sensibilidade.
- Memorización de pequenos pasaxes.
- Exercicios baseados na escala cromática, en notas longas, ascendente e descendente.
- Traballo en clase sobre a aprendizaxe de pasaxes difíciles para inculcar técnicas de estudo eficaces e adaptadas para cada alumno.
- Exercicios de mecanismo e articulación baseados en exercicios de extensión, nas tonalidades de Do maior, Fa maior e Sol maior a diferentes velocidades.
- Practicar a montaxe do óboe, coñecer as partes do mesmo así como a maneira axeitada para a súa limpeza e mantemento básico.

6.1.3 Avaliación

6.1.3.1 Temporalización da avaliación

Realizaranse tres sesións de avaliación. Ao comezo de curso levarase a cabo a **avaliación inicial** que nos permitirá coñecer a situación de partida e coñecementos previos en función dos obxectivos definidos. Realizarase a través da observación, probas prácticas e orais; ao tratarse do primeiro curso estes exercicios serán de carácter xenérico (exercicios rítmicos ou auditivos, ou relacionados coa colocación do corpo con respecto ao instrumento). Dita avaliación quedará reflectida no Libro de Seguimento do alumnado con cualificación. Así mesmo, será o momento de valorar a atención á diversidade e considerar as medidas a tomar.

Ao longo do curso a **avaliación continua** permite recoller todos os datos de cada momento do aprendizaxe do alumno/a ; no último trimestre medirase o grao de consecución dos obxectivos propostos de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe na **avaliación final**.

A secuenciación dos contidos por avaliación móstrase de seguido:

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
ESCALA DE DOM. OUTROS EXERCICIOS TÉCNICOS.	DOM 2ª OITAVA, FAM, ARPEXIOS, OUTROS EXERCICIOS TÉCNICOS.	ESCALAS ATA 1 ALTERACIÓN. ARPEXOS E INTERVALOS ATA 2 ALTERACIÓNS
OBOENSCHULE I (5-37)WASTALL ATA A UNIDADE 3 E/ OU LOOK, LISTEN & LEARN Part 1 (Unidade da 1 a 4	OBOENSCHULE I (43-102)WASTALL ATA A UNIDADE 9 E/OU LOOK, LISTEN & LEARN Part 1 (Unidade da 5 a 8)	OBOENSCHULE I (103-160)WASTALL ATA A UNIDADE 12 E/OU LOOK, LISTEN & LEARN Part 1 (Unidade da 9 a 12)
1 PEZA	1 PEZA	1 PEZA

6.1.3.2 Criterios de avaliación

C.E 1: Mostrar progresivamente maior **conciencia corporal** e autonomía progresiva no uso saudable e bos hábitos en relación ao corpo en xeral, e á postura e uso da musculatura en particular; mantendo unha **posición óptima do corpo** en relación ao instrumento.

C.E 2: Iniciar o coñecemento teórico e practico da técnica básica de **respiración abdominal: que implica** e o correcto emprazamento, presión vertical e a posición da embocadura, buscando xa dende os inicios o seu fortalecemento, adaptabilidade e flexibilidade.

CE3: Mostrar control progresivo na **emisión do son e desenvolvemento da súa calidade**, entendendo por calidade a mellora progresiva dos seguintes aspectos básicos: estabilidade e afinación

C.E 4: Desenvolver e demostrar de xeito progresivo **sensibilidade auditiva** en canto a afinación e a súa interdependcia con outros aspectos, como a posición corporal, embocadura ou a xestión do aire.

C.E 5: Coñecer e aplicar as “pronunciacións básicas” e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento en relación ás **articulacións**, que no grao elemental serán: legato, portato e staccato e as súas diferentes combinacións e velocidade progresivamente maior.

C.E 6: Coñecer e **executar os diferentes estereotipos técnicos** (escalas, arpejos, exercicios...) nas tonalidades Maiores e menores de Do, Fa e Sol coas articulacións básicas ata unha velocidade de negra igual a 80.

C.E 7: Demostrar solvencia na lectura a **primeira vista**.

C.E 8: Coñecer e aplicar de xeito progresivo as ferramentas e técnicas para a interpretación de **memoria** de pequenas pezas ou fragmentos, mantendo a medida, a afinación o fraseo e demais elementos musicais.

C.E 9: Comprender os elementos que interveñen no **fraseo musical** (respiracións, liña melódica, signos de expresión, articulación, tempo, etc.) para conseguir maior expresividade e capacidade comunicativa.

C.E 10: Amosar nos estudos en nas obras/pezas capacidade de aprendizaxe progresiva individual, desenvolvendo a súa propia **autonomía** e capacidade para a resolución de problemas derivados da interpretación. IA10a: Realiza a tarefa plantexada e soluciona as dificultades aplicando no seu estudo as indicacións do profesor/a.

C.E 11: Participar nas audicións públicas ou de aula programadas ao longo do curso.

C.E 12: Mostrar **interese e predisposición ao traballo** nas actividades plantexadas na aula.

C.E 13: **Coidar e responsabilizarse do material** indispensable para un bo discorrer das clases e do traballo individual semanal (canas, instrumento, libros, partituras, etc). IA 1: Montar de desmontar o óboe de maneira axeitada. IA 2: Coñecer as súas partes e levar a cabo un correcta hixiene das mesmas. IA 3: Coidar e traer a clase o material como as canas, libros, partituras e o propio instrumento.

6.1.3.3 Mínimos esixibles.

1. Manter unha **posición óptima do corpo (cabeza, tronco brazos, mans)** en relación ao instrumento que facilite a execución instrumental.
2. Coñecer de xeito teórico as bases da **técnica de respiración**. Mostrar unha boa posición da **embocadura**, que permita unha correcta emisión do son; buscando xa dende os inicios o seu fortalecemento, adaptabilidade e flexibilidade.

3. **Emitir** diferentes sons coa cana e co instrumento de xeito **estable en afinación e timbre** durante tres redondas (notas longas) cunha velocidade de negra igual a 60.

4. Desenvolver e demostrar certa **sensibilidade auditiva**: Emitir coa cana si, do e do sostido, controlando a presión de aire que se necesita para acadar e manter unha correcta afinación . Realizar exercicios ao unísono para aplicar as correccións e adaptacións necesarias.

5. Executar de maneira clara as **articulación básicas** (ligado, picado e combinación de ambas) a través de escalas e exercicios propostos para tal fin, en tonalidades ata unha alteración e figuracións de negras e corcheas , a unha velocidade máxima de negra=70.

6. Coñecer de xeito teórico escalas Maiores e menores e os seus arpexios ata unha alteración e executalas con control sobre a **dixitación** ata unha velocidade de negra=80.

7. Ler con fluidez a **primeira vista** mantendo a coherencia rítmica durante breves fragmentos musicais.

8. Interpretar de **memoria** pequenas frases/fragmentos con coherencia rítmica, comprensión do fraseo e demais elementos musicais presentes.

9. Demostrar comprensión do fraseo, os repousos da música e demais elementos para transmitir certa **expresividade** acorde ao nivel.

10. Amosar nos estudos en nas obras/pezas **capacidade de aprendizaxe progresiva individual**. Realizar a tarefa plantexada para a casa e solucionar as dificultades aplicando no seu estudo as indicacións do profesor/a.

11. Participar en ao menos **2 audicións públicas ou de aula** programadas ao longo do curso.

12. Mostrar **interese e predisposición ao traballo** nas actividades plantexadas na aula. Fomentar hábitos de estudo continuos e eficaces.

13. Montar de desmontar o óboe de maneira axeitada. Coñecer as súas partes e levar a cabo unha correcta hixiene das mesmas. **Coidar e responsabilizarse do material**: traer a clase o material preciso como as canas, libros, partituras e o propio instrumento.

14. Realizar ao menos os seguintes contidos por avaliación:

	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
TÉCNICA	ESCALA DE DOM. OUTROS EXERCICIOS TÉCNICOS.	DOM 2ª OITAVA, FAM, ARPEXIOS, OUTROS EXERCICIOS TÉCNICOS.	ESCALAS ATA 1 ALTERACIÓN. ARPEXOS E INTERVALOS ATA 2 ALTERACIÓNS
ESTUDOS	OBOENSCHULE I (5-37)WASTALLATA A UNIDADE 3 E/OU LOOK, LISTEN & LEARN Part 1 (Unidade da 1 a 4	OBOENSCHULE I (43-102)WASTALLATA A UNIDADE 9 E/OU LOOK, LISTEN & LEARN Part 1 (Unidade da 5 a 8)	OBOENSCHULE I (103-160)WASTALLATA A UNIDADE 12 E/OU LOOK, LISTEN & LEARN Part 1 (Unidade da 9 a 12)
OBRAS	1 PEZA	1 PEZA	1 PEZA

6.1.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación

1. A observación individual diaria e sistemática das sesións semanais constitúe un procedemento fiable e directo para recadar información acerca do progreso do alumno/a, atendendo a aspectos como a comprensión, a adquisición de coñecementos e destrezas, capacidade de autoobservación e corrección e á participación activa.
2. Seguimento de tarefas . Hábito de traballo na aula e na casa, rendemento.
3. Observación de Audicións públicas ou de aula.

Ferramentas de avaliación:

4. Caderno de rexistro de seguimento do alumnado. Recollendo datos relativos ao traballo persoal diario , progreso, hábitos de estudo, tarefas, probas, audicións e aspectos actitudinais fronte a materia, así coma outra información relevante
5. Probas prácticas. Resolución/corrección de tarefas (exercicios, obras, estudos).
6. Rúbricas específicas: ferramenta que a través da secuenciación dos criterios de avaliación contribúe a garantir a obxectividade no proceso avaliado

7. Audición co posible apoio de gravacións de audio e/ou vídeo.

Poderá solicitarse por escrito permiso para a gravación de probas e/ou audicións con finalidade pedagóxica.

6.1.3.5 Criterios de cualificación

Responden a canto avaliar en relación co que se avalía, e corresponden aos seguintes porcentaxes:

AVALIACIÓN CONTINUA	TRABALLO DE AULA 80%	TÁBOA DE PONDERACIÓN	
		ASPECTOS TÉCNICOS (respiración, articulación, dixitación, son, afinación)	40%
		ASPECTOS MUSICAIS- INTERPRETATIVOS (fraseo, expresividade, comprensión elementos musicais...)	30%
	ASPECTOS ACTITUDINAIS (hábitos de traballo, interés, responsabilidade material, autonomía, Rendemento)	10%	
	AUDICIÓNS PÚBLICAS OU DE AULA 20%	ASPECTOS TÉCNICOS:	10%
		ASPECTOS MUSICAIS- INTERPRETATIVOS	10%

No caso de **non realizarse** nalgún período de avaliación audicións públicas ou de aula, as porcentaxes corresponderán á avaliación do traballo na aula no seu 100 % do xeito seguinte:

TÁBOA DE PONDERACIÓN	%
ASPECTOS TÉCNICOS:	50%
ASPECTOS MUSICAIS- INTERPRETATIVOS	40%
ASPECTOS ACTITUDINAIS	10%

Puntuación: respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais, determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual ou maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste xeito, só se empregarán números enteiros.

6.1.3.6 Calibración

A calibración entre os docentes que imparten a mesma materia levaráse a cabo preferentemente a finais do primeiro trimestre. Acordándose o curso a calibrar, e/ou o método e a ferramenta para levala a cabo, mediante reunións de coordinación, as audicións públicas ou de aula e/ou rúbricas.

6.1.3.7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno ou alumna teña superado o 100% dos obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado dese/a alumno/a esté d

ç+acordo. Dita superación dos obxectivos constataráse por medio dunha proba na que se inclúan os contidos do curso anterior ao que se pretende ampliar. Serán de aplicación os criterios de avaliación e cualificación establecidos na programación para o remate de curso, agás a porcentaxe de actitude ao tratarse dunha única proba.

Os profesores/as poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto, e sempre e cando existan prazas vacantes no curso ao que promociona.

6.1.4 Medidas de recuperación

6.1.4.1 Medidas de atención a diferentes ritmos de aprendizaxe.

Reforzo educativo: para aqueles/as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, que teñan a materia pendente ou suspenderan algunha avaliación levarase a cabo un plan de traballo con novas actividades consistentes en:

- Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo persoal.
- Actividades menos complexas para que Asímlen mellor os conceptos.
- Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido.
- Utilización doutros medios para presentarlle os contidos.

Actividades de ampliación: para aqueles/as alumnos/as que alcancen os obxectivos con moita máis rapidez, a estes/as alumnos/as proporíaselles:

- Afondar nos conceptos tratados.
- Estudos e obras de maior complexidade.
- Fomentar a súa participación en todas aquelas actividades organizadas no centro ou fóra do mesmo que poidan resultar beneficiosas para o seu maior progreso (cursiños, probas a orquestras de estudantes, concertos....)

6.1.4.2 Procedementos de recuperación ordinarios.

No caso de que un/ha alumno/a teña pendente a materia de óboe, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se acaden os do curso anterior. Nese momento, daráse por recuperada a materia pendente.

De non ser posible en todo ou en parte o desenvolvemento dunha avaliación obxectiva a causa da asistencia a clase escasa ou inexistente, o alumnado que se atope nesta situación será convocado a unha proba de recuperación ordinaria previa á avaliación, baseada nos contidos mínimos relativos á avaliación correspondente.

6.1.4.3 Proba Extraordinaria

Nos casos de que a cualificación sexa inferior a cinco, o/a alumno/a disporá doutra convocatoria no mes de xuño, data que será fixada polo dirección do centro. As obras, estudos e/ou exercicios a interpretar na proba extraordinaria serán notificadas ao/á alumno/a no seu correspondente informe de avaliación negativo entregado xunto co boletín de notas e/ou enviado por centros-net.

A/o alumna/o deberá obter un 5 como mínimo para superala proba.

Avaliaranse cunha representación do 10% sobre a nota final cada un destes aspectos:

- A postura do corpo no desenvolvemento da execución musical.
- A eficacia da técnica da respiración amosada.
- A calidade do son e a súa emisión.
- A calidade da articulación e do “legato”.
- A capacidade de afina-lo instrumento con respecto ó piano e a capacidade de mante-la afinación ó longo da interpretación.
- Avaliarase positivamente a presenza do vibrato controlado ó longo do desenrolo do discurso musical.
- Avaliarase a amplitude dinámica mostrada.
- Avaliarase a capacidade expresiva amosada.
- Avaliarase a coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
- Avaliarase a seguridade amosada durante o desenvolvemento da proba.

6.1.5 Recursos didácticos

- - P. Wastall “Aprende tocando el oboe”.
- - B. Doemens. “Oboenschule Band I e II”.
- - B. Doemens. “Spielbuch zur oboenschule I e II”.
- - B. Delcambre. “Le Hautbois facile”.
- - Crozzoli. “Le prime lezioni di oboe”.
- - Giampieri. “Método progresivo”.
- - Pequenas pezas populares e infantiles.
- - DIJKSTRA-JAARSMA, Nynke e KASTELEIN, Jaap: Look, Listen & Learn Part 1, Ed. De Haske, Holland.
- BARRATT, Carol: Bravo! óboe (selección de pezas), ed. Boosey& Hawkes, England.
- HINCHLIFFE, Robert: The really easy oboe book, Ed. Faber Music, London.
- NOTA: Esta listaxe de obras e métodos é orientativa, podendo empregarse outros de parecida dificultade que o profesor/a considere oportunos.

6.2 Curso: 2º de Grao Elemental

6.2.1 Obxectivos

Obxectivos do Decreto 198/2007

1. Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favorezca a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.
2. Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
3. Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para correxir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
4. Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
5. Demostrar unha sensibilidade e auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
6. Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os matices para lle dar for e expresión á interpretación musical.
7. Coñecer a montaxe e a fabricación das lingüistas e poder rebaxalas para o seu correcto funcionamento.
8. Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

Obxectivos 2º Grao Elemental.

1. Profundizar e afianzar unha boa posición do instrumento en relación ao corpo que permita respirar con naturalidade e favorezca a coordinación sobre a dixitación, con especial atención á cabeza, brazos e mans.
- 2.1 Empregar de xeito progresivo a técnica de respiración diafragmática, así como fortalecer a musculatura implicada na formación da columna de aire.
- 2.2 Coñecer e fortalecer de xeito progresivo a musculatura que intervéñen na formación de embocadura para favorecer unha correcta emisión, control da afinación, articulación e flexibilidade dacordo ao nivel.
3. Coñecer e empregar progresivamente os mecanismos que interveñen na afinación e a súa interrelación (emprazamento do aire, gorxa, lingua..) para mellorar a capacidade de corrección automática das notas.
- 3.2 Emitir coa cana un SI, DO e DO# de xeito estable.
4. Coñecer e començar a empregar algunhas das características e das posibilidades sonoras do instrumento, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
5. Desenvolver progresivamente unha sensibilidade auditiva que permita mellorar o control sobre a afinación e un perfeccionamento continuo da calidade do son.
- 6.1 Emitir sons de xeito estable, así como iniciar o traballo da flexibilidade, dentro do rexistro acorde ao nivel (ata o sol 5).
- 6.2 Empregar de xeito progresivo o uso de matices básicos (p e f).
7. Iniciar o coñecemento e a manipulación sobre o proceso de montaxe das lingüetas (atado).
8. Interpretar un repertorio básico de diferentes épocas e estilos acorde a este nivel.
- 9.1 Montar e desmontar o instrumento de xeito autónomo.
- 9.2 Aplicar os coidados básicos de limpeza e mantemento do instrumento e de todo o material necesario para o bo descender da clase.
10. Participar en audicións públicas ou de aula cun dominio do control escénico e interpretativo acorde ao nivel.
11. Fomentar hábitos de estudo que favorezan o desenvolvemento progresivo da autonomía.
12. Valorar o silencio como elemento técnico para concentrarnos na interpretación e na audición da música.
13. Coñecer e aplicar ferramentas básicas para a memorización de pequenas frases, exercicios e/ou fragmentos musicais.
14. Traballar a lectura a primeira vista con fragmentos acordes ao nivel.
15. Coñecer e executar coa solvencia acorde ao nivel as escalas ata 2 alteracións (M e m), arpexios e outros esteotipos/requerimentos técnicos.

6.2.2 Contidos

- Desenvolvemento do mecanismo e da articulación.
- Evolución na elasticidade, homoxeneidade e calidade do son e a afinación, especialmente nos saltos de intervalos e cambios de rexistro.
- A dinámica.

- Adquisición de técnicas eficaces de estudio para lograr unha autonomía no traballo e valorar o rendemento persoal.
- Afinación, ritmo e sincronización en conxunto.
- Práctica no inicio do atado de canas.
- Audicións en clase e Asistencia a concertos para desenrolar a sensibilidade musical e estética.
- Estudio de pasaxes especialmente dificultosos.
- Practica da lectura a primeira vista.

6.2.3 Avaliación

6.2.3.1 Temporalización da avaliación

Realizaranse tres sesións de avaliación. Ao comezo de curso levarase a cabo a **avaliación inicial** que nos permitirá coñecer a situación de partida e coñecementos previos en función dos obxectivos definidos. Realizarase a través da observación de diferentes probas prácticas de exercicios, estudos e/ou obras do curso anterior, quedando reflectido no Libro de Seguimento do alumnado con cualificación. Ase mesmo, será o momento de valorar a atención á diversidade e considerar as medidas a tomar.

Ao longo do curso a **avaliación continua** permite recoller todos os datos de cada momento do aprendizaxe do/a alumno/a ; no último trimestre medirase o grao de consecución dos obxectivos propostos de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe na **avaliación final**. A secuenciación dos contidos por avaliación móstrase de seguido:

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 1 ALTERACIÓN	ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 2 ALTERACIÓN	CROMÁTICA ATA O DO3, ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 2 ALTERACIONES
OBOENSCHULE I (5-37)WASTALL ATA A UNIDADE 10 E/ OU LOOK, LISTEN & LEARN Part 1 (Unidade da 13 a 15)	OBOENSCHULE I (43-102)WASTALL ATA A UNIDADE 13 E/OU LOOK, LISTEN & LEARN Part 1 (Unidade da 16 a 18)	OBOENSCHULE I (103-160)WASTALL ATA A UNIDADE 16 E/OU LOOK, LISTEN & LEARN Part 1 (Unidade da 18 a 20)
1 PEZA	1 PEZA POPULAR	1 PEZA

6.2.3.2 Criterios de avaliación

- C.E 1: Mostrar unha maior **conciencia corporal** e autonomía progresiva no uso saudable e bos hábitos en relación ao corpo en xeral, e á postura e uso da musculatura en particular; mantendo unha **posición óptima do corpo** en relación ao instrumento.
- C.E 2: Coñecer e aplicar progresivamente a técnica de **respiración abdominal** e das destrezas intimamente relacionadas de acordo ao nivel, como son: o correcto emprazamento, envío de aire constante, apertura/peche da gorxa, e a posición da embocadura buscando a súa adaptabilidade e flexibilidade.
- C.E 3: Mostrar control progresivo na **emisión do son e desenvolvemento da súa calidade**, entendendo por calidade a mellora progresiva de acordo ao nivel dos seguintes aspectos: estabilidade, homoxeneidade, afinación, amplitude e proxección.
- C.E 4: Desenvolver e demostrar de xeito progresivo **sensibilidade auditiva** en canto a afinación.
- C.E 5: Afondar na aplicación das “pronunciacións básicas” e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento en relación ás **articulacións**, que no grao elemental serán: legato, portato, staccato e as súas diferentes combinacións cunha velocidade progresivamente maior.
- C.E 6: Coñecer e **executar os diferentes estereotipos técnicos** (escalas, arpejos, exercicios...), iniciar a práctica da escala cromática, e as escalas Maiores e menores ata 2 alteracións coas articulacións básicas ata unha velocidade de negra igual a 80.

- C.E 7: Demostrar solvencia na lectura a **primeira vista**. Ler con fluidez e coherencia rítmica.
- C.E 8: Coñecer e aplicar as ferramentas e técnicas para a interpretación de **memoria** de pequenas pezas ou fragmentos, mantendo a medida, a afinación o fraseo e demais elementos musicais.
- C.E 9: Comprender os elementos que interveñen no **fraseo musical** (respiracións, liña melódica, signos de expresión, articulación, tempo, etc.) para conseguir maior expresividade e capacidade comunicativa.
- C.E 10: Amosar nos estudos e nas obras/pezas capacidade de aprendizaxe progresiva individual, desenvolvendo a súa propia **autonomía** e capacidade para a resolución de problemas derivados da interpretación.
- C.E 11: Participar nas audicións públicas ou de aula programadas ao longo do curso.
- C.E 12: Mostrar **interese e predisposición ao traballo** nas actividades plantexadas na aula.
- C.E 13: **Coidar e responsabilizarse do material** indispensable para un bo discurrir das clases e do traballo individual semanal (canas, instrumento, libros, partituras, etc).

6.2.3.3 Mínimos esixibles.

1. Manter unha **posición óptima do corpo (cabeza, tronco brazos, mans)** en relación ao instrumento que facilite a execución instrumental.

2. Coñecer de xeito teórico e inicar a práctica das bases da **técnica de respiración**. Mostrar unha posición da **embocadura** que permita unha correcta emisión do son; buscando xa dende os inicios o seu fortalecemento, adaptabilidade e flexibilidade.

3. Emitir diferentes sons coa cana e co instrumento de xeito **estable en afinación e timbre** durante series de dúas redondas (notas longas) cun compás vacío para facilitar a respiración e colocación, cunha velocidade de negra igual a 55.

4. Desenvolver e demostrar certa **sensibilidade auditiva**: Emitir coa cana si, do e do sostido, durante unha redonda, controlando a presión de aire que se necesita para acadar e manter unha correcta afinación . Realizar exercicios ao unísono para aplicar as correccións e adaptacións necesarias.

5. Executar de maneira clara as **articulación básicas** (ligado, picado e combinación de ambas) a través de escalas e exercicios propostos para tal fin, en tonalidades ata unha alteración e figuracións de negras e corcheas , a unha velocidade máxima de negra=70.

6. Coñecer de xeito teórico a escala cromática e as escalas Maiores e menores e os seus arpexios ata dúas alteración e executalas con control sobre a **dixitación e a mínima calidade sonora en canto a afinación e a emisión**, ata unha velocidade de negra=80.

7. Ler con fluidez a **primeira vista** mantendo a coherencia rítmica durante breves fragmentos musicais.

8. Interpretar de **memoria** pequenas frases/fragmentos con coherencia rítmica, comprensión do fraseo e demais elementos musicais presentes.

9. Demostrar comprensión do fraseo, os repousos da música e demais elementos para transmitir certa **expresividade** acorde ao nivel.

10. Amosar nos estudos en nas obras/pezas **capacidade de aprendizaxe progresiva individual**. Realizar a tarefa plantexada para a casa e solucionar as dificultades aplicando no seu estudo as indicacións do profesor/a.

11 .Participar en ao menos **2 audicións públicas ou de aula** programadas ao longo do curso.

12. Mostrar **interese e predisposición ao traballo** nas actividades plantexadas na aula. Fomentar hábitos de estudo continuos e eficaces.

13. Montar de desmontar o óboe de maneira axeitada. Coñecer as súas partes e levar a cabo un correcta hixiene das mesmas. **Coidar e responsabilizarse do material**: traer a clase o material preciso como as canas, libros, partituras e o propio instrumento.

14. Realizar ao menos os seguintes contidos por avaliación:

	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
TÉCNICA	ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 1 ALTERACIÓN	ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 2 ALTERACIONES	CROMÁTICA ATA O DO3, ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 2 ALTERACIONES
ESTUDOS	OBOENSCHULE I (5-37)/WASTALL ATA A UNIDADE 10 E/OU LOOK, LISTEN & LEARN Part 1 (Unidade da 13 a 15	OBOENSCHULE I (43-102)WASTALL ATA A UNIDADE 13 E/OU LOOK, LISTEN & LEARN Part 1 (Unidade da 16 a 18)	OBOENSCHULE I (103-160)WASTALL ATA A UNIDADE 16 E/OU LOOK, LISTEN & LEARN Part 1 (Unidade da 18 a 20)
OBRAS	1 PEZA	1 PEZA	1 PEZA

6.2.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación.

Procedementos de avaliación

1. A observación individual diaria e sistemática das sesións semanais constitúe un procedemento fiable e directo para recadar información acerca do progreso da/o alumna/o, atendendo a aspectos como a comprensión, a adquisición de coñecementos e destrezas, capacidade de auto observación e corrección e a participación activa.
2. Seguimento de tarefas . Hábito de traballo na aula e na casa, rendemento.
3. Observación de Audicións públicas ou de aula.

Ferramentas de avaliación:

1. Caderno de rexistro de seguimento do alumnado. Recollendo datos relativos ao traballo persoal diario, progreso, hábitos de estudo, tarefas, probas, audicións e aspectos actitudinais fronte a materia, así coma outra información relevante
2. Probas prácticas. Resolución/corrección de tarefas (exercicios, obras, estudos).
3. Rúbricas específicas: ferramenta que a través da secuenciación dos criterios de avaliación contribúe a garantir a obxectividade no proceso avaliado

4. Audición co posible apoio de gravacións de audio e/ou vídeo)

Poderá solicitarse por escrito permiso para a gravación de probas e/ou audicións con finalidade pedagóxica.

6.2.3.5 Criterios de avaliación

Responden a canto avaliar en relación co que se avalía, e corresponden aos seguintes porcentaxes

AVALIACIÓN CONTINUA	TRABALLO DE AULA 80%	TÁBOA DE PONDERACIÓN	
		ASPECTOS TÉCNICOS (respiración, articulación, dicitación, son, afinación)	40%
		ASPECTOS MUSICAIS- INTERPRETATIVOS (fraseo, expresividade, comprensión elementos,	30%
	ASPECTOS ACTITUDINAIS (hábitos de traballo, interés, responsabilidade material, autonomía, Rendemento)	10%	
	AUDICIÓNS PÚBLICAS OU DE AULA 20%	ASPECTOS TÉCNICOS:	10%
		ASPECTOS MUSICAIS- INTERPRETATIVOS	10%

No caso de non realizarse nalgún período de avaliación audicións públicas ou de aula, as porcentaxes corresponderán á avaliación continua no seu 100 % do xeito seguinte:

TÁBOA DE PONDERACIÓN	%
ASPECTOS TÉCNICOS:	50%
ASPECTOS MUSICAIS- INTERPRETATIVOS	40%
ASPECTOS ACTITUDINAIS	10%

Puntuación: respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais, determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual ou maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste xeito, só se empregarán números enteiros.

6.2.3.5 Calibración

A calibración entre os docentes que imparten a mesma materia levaráse a cabo preferentemente a finais do primeiro trimestre. Acordándose o curso a calibrar, e/ou o método e a ferramenta para levala a cabo, mediante reunións de coordinación, as audicións públicas ou de aula e/ou rúbricas.

6.1.3.7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno ou alumna teña superado o 100% dos obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado dese/a alumno/a afirme ese acordo. Dita superación dos obxectivos constataráse por medio dunha proba na que se inclúan os contidos do curso anterior ao que se pretende ampliar. Serán de aplicación os criterios de avaliación e cualificación establecidos na programación para o remate de curso, agás a porcentaxe de actitude ao tratarse dunha única proba.

calibración entre os docentes que imparten a mesma materia levaráse a cabo preferentemente a finais do primeiro trimestre. Acordándose o curso a calibrar, e/ou o método e a ferramenta para levala a cabo, mediante reunións de coordinación, as audicións públicas ou de aula e/ou rúbricas.

Medidas de recuperación

6.7.4.1 Medidas de atención a diferentes ritmos de aprendizaxe.

Reforzo educativo: para aqueles/as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, que teñan a materia pendente ou suspenderan algunha avaliación levarase a cabo un plan de traballo con novas actividades consistentes en:

- Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo persoal.
- Actividades menos complexas para que asimilen mellor os conceptos.
- Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido.
- Utilización doutros medios para presentarlle os contidos.

Actividades de ampliación: para aqueles/as alumnos/as que alcancen os obxectivos con moita máis rapidez, a estes/as alumnos/as proporíaselles:

- Afondar nos conceptos tratados.
- Estudos e obras de maior complexidade.

- Fomentar a súa participación en todas aquelas actividades organizadas no centro ou fóra do mesmo que poidan resultar beneficiosas para o seu maior progreso (cursiños, probas a orquestras de estudantes, concertos....)

6.7.4.2 Procedementos de recuperación ordinarios

Ao tratarse dunha avaliación continúa a recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un/a alumno/a teña pendente a materia de óboe, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Ao tratarse dunha avaliación continua, e considerando que non é posible perder o dereito a ser avaliado, cando sexa preciso avaliar a un alumno ou alumna que teña acumulada unha certa cantidade de faltas de asistencia, o docente empregará no momento de avaliar toda a información recollida despois de aplicar os criterios establecidos nesta programación. De non ser posible en todo ou en parte o desenvolvemento dunha avaliación obxectiva a causa da asistencia a clase escasa ou inexistente, o alumnado que se atope nesta situación será convocado a unha proba de recuperación ordinaria previa á avaliación, baseada nos contidos mínimos relativos á avaliación correspondente.

6.7.4.3 Proba extraordinaria de Xuño

Nos casos de que a cualificación sexa inferior a cinco, o/a alumno/a disporá doutra convocatoria no mes de xuño, data que será fixada pola dirección do centro. As obras, estudos e/ou exercicios a interpretar na proba extraordinaria serán notificadas ao/á alumno/a no seu correspondente informe de avaliación negativa entregado xunto co boletín de notas e/ou enviado por CentrosNet.

– Criterios de cualificación

Avaliaranse cunha representación do 10% sobre a nota final cada un destes aspectos:

- Avaliarase a postura do corpo no desenrolo da execución musical.

- Avaliarase a eficacia da técnica da respiración amosada.
- Avaliarase a calidade do son e a súa emisión.
- Avaliarase a calidade da articulación e do “legato”.
- Avaliarase a capacidade de afina-lo instrumento con respecto ó piano e a capacidade de mante-la afinación ó longo da interpretación.
- Avaliarase positivamente a presenza do vibrato controlado ó longo do desenrolo do discurso musical.
- Avaliarase a amplitude dinámica mostrada.
- Avaliarase a capacidade expresiva amosada.
- Avaliarase a coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
- Avaliarase a seguridade amosada durante o desenrolo da proba

6.7.5 Recursos didácticos

- **Técnica:**

- Escala cromática con distintas articulacións, ritmos e dinámicas.
- Escalas, arpejos e intervalos, con diferentes articulacións, ritmos dinámicas ata o fa sobreagudo e de memoria. (Ata 5 alteracións).
- Diferentes exercicios para traballar vibrato, stacatto, soporte, columna de aire, notas sobreagudas ...

- **Estudios:**

- L. Bleuzet. La technique du hautbois (parte 1º e 2º).

- Salviani, Vol. IV (1-9).
- Giampieri. 16 estudios diarios de perfeccionamiento (1-8).
- H. Brod. Estudios Vol. II (1-10).
- W. Ferling, 48 Estudios melódicos (1-12).
- L. Wiedemann. 45 Etüdes (15-18)
- S. Verroust. 25 Etudes Melodiques.
- G. Passini, Malzer R. Die Spieltechnik der oboe.
- R.J.Koch. The technique of oboe playing.
- **Obras:** Deberanse interpretar polo menos tres obras de distintos estilos.
- T. Albinoni. Concerto en Re m Op.9 N° 2.
- G. P. Händel.Sonata en Do m.
- B. Marcello. Concerto en Do m.
- A .M.R. Barret, Vol. III. 3ª Sonata.
- H. Brod, vol 2. Sonatas 4 e 5.
- V. Bellini. Concierto en Mib M.
- C.P.E. Bach. Concerto en Sib M.
- D. Cimarosa. Concerto en Do M.
- Ponchielli. Piccolo concertino.

- Grovlez. Sarabanda e Allegro.
- Gordon Jacob. Sonatina para óboe e piano.
- B. Britten. Two insect pieces.
- N. Rimsky-Korsakov. Variacións sobre un tema de Glinka.
- T.A Walmisley. Sonatina

NOTA: Esta listaxe de obras e métodos é orientativa, podendo empregarse outros de parecida dificultade que a/o docente considere oportunos.

6.8 Curso: 4º De Grao Profesional

6.8.1 Obxectivos

Obxectivos do Decreto 203/2007

- a) Demostrar sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- b) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade acorde ao nivel.
- c) Practicar a fabricación de lingüetas dobres.
- d) Demostrar unha autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc.
- e) Coñecer as diferentes convencións interpretativas vixentes en distintos periodos da historia da música instrumental, especialmente referidas á escritura rítmica e á ornamentación.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h) Prácticar a música de conxunto, en formación camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con Orquestra e obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido de interdependencia dos respectivos cometidos.

Obxectivos 4º Grao Profesional.

a) Desenvolver progresivamente maior sensibilidade auditiva, fomentar un criterio e un concepto estético propio para mellorar a interpretación e influir positivamente na calidade sonora, no fraseo, afinación, direccionalidade, e na articulación...).

b) Interpretar un repertorio de obras representativas e acordes ao nivel que abarque diferentes correntes estilísticas; para perfeccionar a capacidade de adaptación ao estilo así como o sentido do ritmo, da afinación e da armonía.

1) Demostrar autonomía no proceso completo da fabricación das lingüetas.
2) Valorar a importancia e a repercusión da súa conservación na interpretación.

d) Amosar un dominio acorde ao nivel, sobre o conxunto da técnica instrumental (articulación, respiración, calidade do son, ampliación do rexistro, dixitación...)

e) Facer uso das posibilidades sonoras e expresivas do instrumento como ampliar o rango de dinámicas (ff, pp, mf), reguladores e afondar no estudo do vibrato con criterio e dominio dentro do nivel.

f) Demostrar a autonomía necesaria para solucionar dificultades técnicas e interpretativas.

1) Afondar no coñecemento histórico-interpretativo de cuestións relacionadas coas diferentes convencións estilísticas para unha maior comprensión relacionada coa súa evolución e interpretación (ornamentación, convencións rítmicas, etc)

2) Habituar a escoitar música para coñecer a literatura, discografía, compositores e intérpretes máis recoñecidos, especialmente do propio instrumento.

f) Aplicar as ferramentas adquiridas e interpretar de memoria (se se require) fragmentos e/ou movementos centrándose en aspectos interpretativos e non só na mera lectura.

g) Perfeccionar e demostrar solvencia na lectura a primeira vista con textos musicais dunha dificultade axeitada e progresiva para mellorar a integración nas agrupacións e gañar autonomía no traballo individual e grupal.

h) Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas (se é posible); a dúo co profesor/a e co/a pianista acompañante para desenvolver o sentido de interdependencia dos diferentes roles que esixa o repertorio.

l) Coñecer e executar coa solvencia acorde ao nivel as escalas ata 5 alteracións (M e m), arpexios e outros este-reotipos/requerimientos técnicos.

j) Interpretar en público coa capacidade comunicativa/expresiva e control escénico axeitado ao nivel.

6.8.2 Contidos

- Práctica de estudos e exercicios que traballen os cambios de rexistro.
- Exercicios e estudos de mecanismo.
- Exercicios para traballar o control da dosificación do aire.
- Práctica do raspado de canas e elaboración das mesmas.
- Interpretar obras dos diferentes estilos e épocas para enriquecer a sensibilidade musical e estética.

6.8.3 Avaliación

6.8.3.1 Temporalización da avaliación

Realizaranse tres sesións de avaliación. Ao comezo de curso levarase a cabo a **avaliación inicial** que nos permitirá coñecer a situación de partida e coñecementos previos en función dos obxectivos definidos. Realizarase a través da observación, probas prácticas e orais e quedará reflectido no Libro de Seguimento do alumnado. Será o momento de valorar a atención á diversidade e considerar as medidas a tomar.

Ao longo do curso a **avaliación continua** permite recoller todos os datos de cada momento do aprendizaxe do/a alumno/a ; no último trimestre medirase o grao de consecución dos obxectivos propostos de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe na **avaliación final**.

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
CROMÁTICA, ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 3ALTERACIÓNS con aumento progresivo da velocidade.	CROMÁTICA, ESCALAS, ARPEXOS CON 3ALTERACIÓNS con aumento progresivo da velocidade.	CROMÁTICA, ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 4 ALTERACIÓNS con aumento progresivo da velocidade.
SALVIANI (4 estudos)/ LUFT 2 estudos FLEMING OU FERLING (2 estudos); ou estudos de dificultade similar.	SALVIANI (4 estudos) LUFT 2 estudos FLEMING OU FERLING (2 estudos) ou estudos de dificultade similar.	SALVIANI (4 estudos) LUFT 2 estudos FLEMING OU FERLING (2 estudos) ou estudos de dificultade similar.
1 OBRA entre o repertorio orientativo	1 OBRA de entre o repertorio orientativo	1 OBRA de entre o repertorio orientativo

6.8.3.2 Criterios de avaliación

C.E 1a: Empregar o **esfuerzo muscular** de xeito saudable e axeitado ás esixencias da execución instrumental.

C.E 1b: Aplicar a **técnica de respiración** abdominal con control progresivo de acordo as esixencias da execución, dominando as destrezas intimamente implicadas (embocadura, emprazamento, apertura/peche da gorxa...)

C.E 2a Executar con dominio e axilidade os diferentes **estereotipos técnicos** (Tonalidades M e m ata 4 alteracións e escala cromática) con control sobre a **dixitación**, aumento progresivo da velocidade en toda a extensión requirida e realizando aquelas adaptacións precisas como mandíbula flexible, axuste da cantidade de aire, apoio vertical, pulsación suave, regular e coordinada ca articulación.

C.E 2b: Demostrar capacidade expresiva, sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

C.E 3: Demostrar **sensibilidade auditiva** progresiva, manter una busca constante da calidade sonora con especial atención a afinación e o uso das posibilidades sonoras do instrumento.

C.E 4: Mostrar **interese** e **autonomía** para abordar individualmente o estudo.

C.E 5a: Demostrar solvencia progresiva na **lectura á primeira vista**, mantendo coherencia rítmica e demostrando comprensión e control sobre a organización das frases musicais e das respiracións/repousos.

C.E 5b: Mostrar capacidade progresiva na **improvisación** libre ou dirixida, creando propostas con espontaneidade e soltura.

C.E 6: Coñecer e **interpretar obras** representativas do instrumento de **diferentes épocas e estilos** profundizando nas características distintivas das diferentes convencións estilísticas.

C.E.7: Coñecer e aplicar as diferentes técnicas para a **interpretación de memoria** dun estudo, fragmento, movemento ou obra nunha audición pública ou de aula mostrando control sobre o resultado sonoro.

C.E 8: Acreditar **personalidade artística**, mostrando o seu propio **criterio persoal**, con propostas interpretativas dentro da liberdade que permita o texto musical.

C.E 9: Mostrar **autonomía** progresivamente maior na **resolución de problemas** técnicos e interpretativos.

C.E: 10: Mostrar **autonomía** progresiva no atado, retoque e/ou raspado das **canas e no manexo da ferramenta necesaria**. IA10a: Confecciona as súas canas.

C.E 11: **Participar nas audicións públicas ou de aula** programadas ao longo do curso demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

C.E 12: Mostrar unha **actitude respectuosa, positiva e con predisposición ao traballo**, tanto na aula como na casa.

C.E 13: **Coidar e responsabilizarse do material** indispensable para un bo discorrer das clases e do traballo individual semanal (canas, instrumento, libros, partituras, etc).

6.8.3.3 Mínimos esixibles

1a: Empregar o **esfuerzo muscular** de xeito saudable e axeitado ás esixencias da execución instrumental.

1b: Aplicar a **técnica de respiración** abdominal con control progresivo de acordo as esixencias da execución, dominando as destrezas intimamente implicadas (embocadura, emprazamento, apertura/peche da gorxa...).

1c: Demostrar unha **resistencia** progresiva da embocadura e musculatura implicada que permita unha interpretación de calidade.

2a Executar con dominio e axilidade os diferentes **estereotipos técnicos** (Escala cromática, escalas e arpexios M e m ata 3 alteracións) con control sobre a **dixitación e a articulación (legato, staccato e combinacións de dúas ligadas-dúas picadas)**, aumento progresivo da velocidade en toda a extensión requirida, en diferentes figuracións e ritmos ata negra= 88; realizando aquelas adaptacións precisas como mandíbula flexible, axuste da cantidade de aire, apoio vertical, pulsación suave, regular e coordinada ca articulación.

2b: Demostrar **capacidade expresiva**, sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

3: Demostrar **sensibilidade auditiva** progresiva, manter una busca constante da calidade do son con especial atención a afinación e o uso das posibilidades sonoras do instrumento.

4: Mostrar **interese e autonomía** para abordar individualmente o estudo.

5: Demostrar solvencia progresiva na **lectura á primeira vista**, mantendo coherencia rítmica e demostrando comprensión e control sobre a organización das frases musicais e das respiracións/repousos.

6: Coñecer e **Interpretar obras** representativas do instrumento de **diferentes épocas e estilos** profundizando nas características distintivas das diferentes convencións estilísticas.

7: Coñecer e aplicar as diferentes técnicas para a **interpretación de memoria** dun estudo, fragmento, movemento ou obra nunha audición pública ou de aula mostrando control sobre o resultado sonoro.

8: Acreditar **personalidade artística**, mostrando o seu propio **criterio persoal**, con propostas interpretativas dentro da liberdade que permita o texto musical.

9: Mostrar **autonomía** na **resolución de problemas** técnicos e interpretativos.

10: **Participar nas audicións públicas ou de aula** programadas ao longo do curso amosando capacidade comunicativa e calidade artística.

11: Amosar **autonomía** progresiva no atado, retoque e raspado das **canas. Atar un mínimo de 3 canas por trimestre unha delas con raspado final**

12: Amosar unha **actitude respectuosa, positiva e con predisposición ao traballo**, tanto na aula como na casa.

13: **Coidar e responsabilizarse do material** indispensable para un bo discurrir das clases e do traballo individual semanal (canas, instrumento, libros, partituras, etc).

14. Realizar ao menos os seguintes contidos por avaliación:

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
CROMÁTICA, ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 3 ALTERACIÓNS Velocidade progresiva con diferentes figuracións e ritmos ata negra=80 nas 3 articulacións: Legato, staccato e dúas ligadas- 2 picadas.	CROMÁTICA, ESCALAS, ARPEXOS CON 3 ALTERACIÓNS Velocidade progresiva con diferentes figuracións e ritmos ata negra=88 nas 3 articulacións: Legato, staccato e dúas ligadas- 2 picadas.	CROMÁTICA, ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 3 ALTERACIÓNS Velocidade progresiva con diferentes figuracións e ritmos ata negra=88 nas 3 articulacións: Legato, staccato e dúas ligadas- 2 picadas.
SALVIANI (4 estudos) LUFT 2 estudos (entre 1-4) FLEMING O FERLING (2 estudos, lento e rápido entre 12-15) ou estudos de similar dificultade	SALVIANI (4 estudos) LUFT 2 estudos (entre 5-8) FLEMING O FERLING (2 estudos (2 estudos, lento e rápido entre 16-19 ou estudos de similar dificultade	SALVIANI (4 estudos) LUFT 2 estudos (entre 9-12) FLEMING O FERLING (2 estudos (2 estudos, lento e rápido entre 20-23 ou estudos de similar dificultade
1 OBRA de entre o repertorio orientativo	1 OBRA de entre o repertorio orientativo	1 OBRA de entre o repertorio orientativo

6.8.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación

1. A observación individual diaria e sistemática das sesións semanais constitúe un procedemento fiable e directo para recadar información acerca do progreso do/a alumno/a, atendendo a aspectos como a comprensión, a adquisición de coñecementos e destrezas, capacidade de auto observación e corrección e á participación activa.
2. Seguimento de tarefas . Hábito de traballo na aula e na casa, rendemento.
3. Observación de Audicións públicas ou de aula.

Ferramentas de avaliación:

4. Caderno de rexistro de seguimento do alumnado. Recollendo datos relativos ao traballo persoal diario , progreso, hábitos de estudo, tarefas, probas, audicións e aspectos actitudinais fronte a materia, así coma outra información relevante
5. Probas prácticas. Resolución/corrección de tarefas (exercicios, obras, estudos).
6. Rúbricas específicas: ferramenta que a través da secuenciación dos criterios de avaliación contribúe a garantir a obxectividade no proceso avaliado
7. Audición co posible apoio de gravacións de audio e/ou vídeo.

Poderá solicitarse por escrito permiso para a gravación de probas e/ou audicións con finalidade pedagóxica.

6.8.3.5 Criterios de cualificación

Responden a canto avaliar en relación co que se avalía, e corresponden aos seguintes porcentaxes

AVALIACIÓN CONTINUA	TRABALLO DE AULA 80%	TÁBOA DE PONDERACIÓN	
		ASPECTOS TÉCNICOS (respiración, articulación, dicitación, son, afinación)	40%
	ASPECTOS MUSICAIS- INTERPRETATIVOS (fraseo, expresividade, comprensión elementos,	30%	
	ASPECTOS ACTITUDINAIS (hábitos de traballo, interés, responsabilidade material, autonomía, Rendemento)	10 %	
	AUDICIÓNS PÚBLICAS OU DE AULA 20%	ASPECTOS TÉCNICOS:	10%
		ASPECTOS MUSICAIS- INTERPRETATIVOS	10%

No caso de non realizarse nalgún período de avaliación audicións públicas ou de aula, as porcentaxes corresponderán á avaliación continua no seu 100 % do xeito seguinte:

TÁBOA DE PONDERACIÓN	%
ASPECTOS TÉCNICOS:	50%
ASPECTOS MUSICAIS- INTERPRETATIVOS	40%
ASPECTOS ACTITUDINAIS	10%

Puntuación: respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indispoñibilidade de empregar decimais, determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual ou maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa). Deste xeito, só se empregarán números enteiros.

6.8.3.6 Calibración

A calibración entre os docentes que imparten a mesma materia levaráse a cabo preferentemente a finais do primeiro trimestre. Acordándose o curso a calibrar, e/ou o método e a ferramenta para levala a cabo, mediante reunións de coordinación, as audicións públicas ou de aula e/ou rúbricas.

6.6.3.7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno ou alumna teña superado o 100% dos obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado dese/a alumno/a afirme ese acordo. Dita superación dos obxectivos constataráse por medio dunha proba na que se inclúan os contidos do curso anterior ao que se pretende ampliar. Serán de aplicación os criterios de avaliación e cualificación establecidos na programación para o remate de curso, agás a porcentaxe de actitude ao tratarse dunha única proba.

6.8.4 Medidas de recuperación

6.8.4.1 Medidas de atención a diferentes ritmos de aprendizaxe.

Reforzo educativo: para aqueles/as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, que teñan a materia pendente ou suspenderan algunha avaliación levarase a cabo un plan de traballo con novas actividades consistentes en:

- Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo persoal.
- Actividades menos complexas para que asimilen mellor os conceptos.
- Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido.
- Utilización doutros medios para presentarlle os contidos.

Actividades de ampliación: para aqueles/as alumnos/as que alcancen os obxectivos con moita máis rapidez, a estes/as alumnos/as proporíaselles:

- Afondar nos conceptos tratados.
- Estudos e obras de maior complexidade.
- Fomentar a súa participación en todas aquelas actividades organizadas no centro ou fóra do mesmo que poidan resultar beneficiosas para o seu maior progreso (cursiños, probas a orquestras de estudantes, concertos....)

6.8.4.2 Procedementos de recuperación ordinarios

Ao tratase dunha avaliación continúa a recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un/a alumno/a teña pendente a materia de óboe, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

De non ser posible en todo ou en parte o desenvolvemento dunha avaliación obxectiva a causa da asistencia a clase escasa ou inexistente, o alumnado que se atope nesta situación será convocado a unha proba de recuperación ordinaria previa á avaliación, baseada nos contidos mínimos relativos á avaliación correspondente.

6.8.4.3 Proba extraordinaria de Xuño

Nos casos de que a cualificación sexa inferior a cinco, o/a alumno/a disporá doutra convocatoria no mes de xuño, data que será fixada pola dirección do centro. As obras, estudos e/ou exercicios a interpretar na proba extraordinaria serán notificadas ao/á alumno/a no seu correspondente informe de avaliación negativa entregado xunto co boletín de notas e/ou enviado por CentrosNet.

– Criterios de cualificación

Avaliaranse cunha representación do 10% sobre a nota final cada un destes aspectos:

- Avaliarase a postura do corpo no desenvolvemento da execución musical.
- Avaliarase a eficacia da técnica da respiración amosada.
- Avaliarase a calidade do son e a súa emisión.
- Avaliarase a calidade da articulación e do “legato”.
- Avaliarase a capacidade de afinar-lo instrumento con respecto ó piano e a capacidade de manter a afinación ó longo da interpretación.
- Avaliarase positivamente a presenza do vibrato controlado ó longo do desenvolvemento do discurso musical.
- Avaliarase a amplitude dinámica mostrada.
- Avaliarase a capacidade expresiva amosada.
- Avaliarase a coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).

- Avaliarase a seguridade amosada durante o desenrolo da proba

6.8.5 Recursos didácticos

- **Técnica:** - Escala cromática con distintas articulacións, ritmos e dinámicas.
 - Escalas, arpejos e intervalos, con diferentes articulacións, ritmos e dinámicas ata o sol sobreagudo e de memoria. (Ata 5 alteracións).
 - Diferentes exercicios para traballar vibrato, staccato, soporte, columna de aire, notas sobreagudas ...
- **Estudios:**
 - L. Bleuzet. La technique du hautbois (parte 1º e 2º).
 - Salviani, Vol. IV (10-18).
 - Giampieri. 16 estudios diarios de perfeccionamiento (9-16).
 - H. Brod. Estudios Vol. II (11-20).
 - E. Singer, vol 3º (estudios do 1 ó 13).
 - W. Ferling, 48 Estudios melódicos (13-24).
 - F. Flemming. 25 Melodic Studies (Vol 1)
 - G. Passini, Malzer R. Die Spieltechnik der oboe.
 - R.J.Koch. The technique of oboe playing.
- **Obras:** Interpretación de polo menos tres obras de distintos estilos.
 - A. Vivaldi. Concerto en La m.

- G. F. Händel. Concerto en Sol m.
- C.P.E. Bach. Sonata en Sol m.
- K. Stamitz. Concierto en Sib M.
- C. Colin. Primer solo de concurso.
- P.Hindemith. Sonata en Sol.

NOTA: Esta listaxe de obras e métodos é orientativa, podendo empregarse outros de parecida dificultade que o profesor/a considere oportunos.

6.9. Curso: 5º De Grao Profesional

6.9.1 Obxectivos

Obxectivos do Decreto 203/2007
a) Demostrar sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
b) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade acorde ao nivel.
c) Practicar a fabricación de lingüetas dobres.
d) Demostrar unha autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc.
e) Coñecer as diferentes convencións interpretativas vixentes en distintos periodos da historia da música instrumental, especialmente referidas á escritura rítmica e á ornamentación.
f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
g) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
h) Prácticar a música de conxunto, en formación camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con Orquestra e obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido de interdependencia dos respectivos cometidos.

Obxectivos 5º Grao Profesional.

a) Amosar unha sensibilidade auditiva acorde ao nivel e un criterio estético propio que inflúe positivamente na calidade sonora, no fraseo, afinación, direccionalidade, e na articulación...).

b) Interpretar un repertorio de obras representativas e acordes ao nivel que abarque diferentes correntes estilísticas; que permita amosar a capacidade de adaptación ao estilo así como o sentido do ritmo, da afinación e da harmonía.

c1) Demostrar autonomía no proceso completo da fabricación das lingüetas, ser autosuficiente.

c2) Valorar a importancia e a repercusión da súa conservación no estudo e na interpretación.

d1) Amosar un dominio acorde ao nivel, sobre o conxunto da técnica instrumental (articulación, respiración/xestión do aire, calidade do son, rexistro completo, dixitación...)

d2) Facer uso das posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, como ampliar o rango de dinámicas (ff, pp, mf), execución de reguladores ou afondar no emprego do vibrato cun dominio e criterio dentro do nivel.

d3) Demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

e1) Afondar no coñecemento histórico-interpretativo de cuestións relacionadas coas diferentes convencións estilísticas para unha maior comprensión relacionada coa súa evolución e interpretación (ornamentación, convencións rítmicas, etc)

e2) escoitar música e coñecer a literatura, discografía, compositores e intérpretes máis recoñecidos, especialmente do propio instrumento.

f) Amosar (se se require) a capacidade de interpretar de memoria un ou varios movementos en audición pública ou de aula.

g) Perfeccionar e demostrar solvencia na lectura a primeira vista con textos musicais dunha dificultade axeitada e progresiva para mellorar a integración nas agrupacións e gañar autonomía no traballo individual e grupal.

h) Practicar a música de conxunto tanto en dúo co profesor/a como co/a pianista acompañante para desenvolver o sentido de interdependencia dos diferentes roles que esixa o repertorio.

l) Coñecer e executar coa solvencia acorde ao nivel as escalas ata 6 alteracións (M e m), arpexios e outros estereotipos/requerimentos técnicos.

j) Interpretar en público coa capacidade comunicativa/expresiva e control escénico axeitado ao nivel.

k) Demostrar unha actitude positiva de cooperación e respecto hacia as normas do centro e da aula.

6.9.2 Contidos

- Práctica de exercicios combinados de elasticidade e mecanismo.
- Exercicios para traballar o control da dosificación do aire.
- Práctica de exercicios de respiración circular: sen cana, con cana e con instrumento.
- Práctica de exercicios para o control dos movementos da lingua no dobre picado.
- Estudio do repertorio solístico e orquestral de diferentes épocas e estilos de dificultade acorde ó nivel.
- Iniciación do estudo do corno inglés mediante exercicios técnicos e a interpretación dunha obra.
- Adquisición dos coñecementos necesarios para a boa selección de tubos.

6.9.3 Avaliación

6.9.3.1 Temporalización da avaliación

Realizaránse tres sesións de avaliación. Ao comezo de curso levarase a cabo a **avaliación inicial** que nos permitirá coñecer a situación de partida e coñecementos previos en función dos obxectivos definidos. Realizarase a través da observación de diferentes probas prácticas de exercicios, estudos e/ou obras do curso anterior, quedando reflectido no Libro de Seguimento do alumnado con cualificación.

Así mesmo, será o momento de valorar a atención á diversidade e considerar as medidas a tomar. Ao longo do curso a **avaliación continua** permite recoller todos os datos de cada momento do aprendizaxe do/a alumno/a ; no último trimestre medirase o grao de consecución dos obxectivos propostos de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe na **avaliación final**.

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
CROMÁTICA, ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 3 ALTERACIÓNS con aumento progresivo da velocidade.	CROMÁTICA, ESCALAS, ARPEXOS CON 4 ALTERACIÓNS con aumento progresivo da velocidade.	CROMÁTICA, ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 5 ALTERACIÓNS con aumento progresivo da velocidade.
SALVIANI (4 estudos)/ SINGER OU LUFT 2 estudos FLEMING OU FERLING (2 estudos); ou estudos de dificultade similar.	SALVIANI (4 estudos) SINGER OU LUFT 2 estudos FLEMING OU FERLING (2 estudos) ou estudos de dificultade similar.	SALVIANI (4 estudos) SINGER OU LUFT 2 estudos FLEMING OU FERLING (2 estudos) ou estudos de dificultade similar.
1 OBRA entre o repertorio orientativo	1 OBRA de entre o repertorio orientativo	1 OBRA de entre o repertorio orientativo

6.9.3.2 Criterios de avaliación

C.E 1a: Empregar o **esfuerzo muscular** de xeito saudable e axeitado ás esixencias da execución instrumental.

C.E 1b: Aplicar a **técnica de respiración** abdominal con control progresivo de acordo as esixencias da execución, dominando as destrezas intimamente implicadas (embocadura, emprazamento, apertura/peche da gorxa...)

C.E 2a Executar con dominio e axilidade os diferentes **estereotipos técnicos** (Tonalidades M e m ata 5 alteracións e escala cromática) con control sobre a **dixitación**, aumento progresivo da velocidade en toda a extensión requirida e realizando aquelas adaptacións precisas como mandíbula flexible, axuste da cantidade de aire, apoio vertical, pulsación suave, regular e coordinada ca articulación.

C.E 2b: Demostrar capacidade expresiva, sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

C.E 3: Demostrar **sensibilidade auditiva** progresiva, manter una busca constante da calidade sonora (afinación, homoxeneidade, proxección) e o uso das posibilidades sonoras do instrumento (dinámicas en todo o rexistro, cor)

C.E 4: Mostrar **interese e autonomía** para abordar individualmente o estudo.

C.E 5a: Demostrar solvencia progresiva na **lectura á primeira vista**, mantendo coherencia rítmica e demostrando comprensión e control sobre a organización das frases musicais e das respiracións/repousos.

C.E 5b: Mostrar capacidade progresiva na **improvisación** libre ou dirixida, creando propostas con espontaneidade e soltura.

C.E 6: Coñecer e **Interpretar obras** representativas do instrumento de **diferentes épocas e estilos** profundizando nas características distintivas das diferentes convencións estilísticas.

C.E.7: Coñecer e aplicar as diferentes técnicas para a **interpretación de memoria** dun estudo, fragmento, movemento ou obra nunha audición pública ou de aula mostrando control sobre o resultado sonoro.

C.E 8: Acreditar **personalidade artística**, mostrando o seu propio **criterio persoal**, con propostas interpretativas dentro da liberdade que permita o texto musical.

C.E 9: Mostrar **autonomía** progresivamente maior na **resolución de problemas** técnicos e interpretativos.

C.E: 10: Mostrar **autonomía** progresiva no atado, retoque e/ou raspado das **canas e no manexo da ferramenta necesaria**. IA10a: Confecciona as súas canas.

C.E 11: **Participar nas audicións públicas ou de aula** programadas ao longo do curso demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

C.E 12: Mostrar unha **actitude respectuosa, positiva e con predisposición ao traballo**, tanto na aula como na casa.

C.E 13: **Coidar e responsabilizarse do material** indispensable para un bo discurrir das clases e do traballo individual semanal (canas, instrumento, libros, partituras, etc).

6.9.3.3 Mínimos esixibles

1a: Empregar o **esforzo muscular** de xeito saudable e axeitado ás esixencias da execución instrumental.

1b: Aplicar a **técnica de respiración** abdominal con control progresivo de acordo as esixencias da execución, dominando as destrezas intimamente implicadas (embocadura, emprazamento, apertura/peche da gorxa...).

1c: Demostrar unha **resistencia** progresiva da embocadura e musculatura implicada que permita unha interpretación de calidade.

2a Executar con dominio e axilidade os diferentes **estereotipos técnicos** (Escala cromática, escalas e arpexios M e m ata 3 alteracións) con control sobre a **dixitación e a articulación (legato, staccato e combinacións de dúas ligadas-dúas picadas)**, aumento progresivo da velocidade en toda a extensión requirida, en diferentes figuracións e ritmos ata negra= 96; realizando aquelas adaptacións precisas como mandíbula flexible, axuste da cantidade de aire, apoio vertical, pulsación suave, regular e coordinada ca articulación.

2b: Demostrar **capacidade expresiva**, sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

3: Demostrar **sensibilidade auditiva** progresiva, manter una busca constante da calidade do son con especial atención a afinación e o uso das posibilidades sonoras do instrumento.

4: Mostrar **interese e autonomía** para abordar individualmente o estudo.

5: Demostrar solvencia progresiva na **lectura á primeira vista**, mantendo coherencia rítmica e demostrando comprensión e control sobre a organización das frases musicais e das respiracións/repousos.

6: Coñecer e **interpretar obras** representativas do instrumento de **diferentes épocas e estilos** profundizando nas características distintivas das diferentes convencións estilísticas.

7: Coñecer e aplicar as diferentes técnicas para a **interpretación de memoria** dun estudo, fragmento, movemento ou obra nunha audición pública ou de aula mostrando control sobre o resultado sonoro.

8: Acreditar **personalidade artística**, mostrando o seu propio **criterio persoal**, con propostas interpretativas dentro da liberdade que permita o texto musical.

9: Mostrar **autonomía na resolución de problemas** técnicos e interpretativos.

10: **Participar nas audicións públicas ou de aula** programadas ao longo do curso amosando capacidade comunicativa e calidade artística.

11: Amosar **autonomía** progresiva no atado, retoque e raspado das **canas**. **Atar e rebaixar un mínimo de 4 canas por trimestre, 2 delas coa calidade suficiente para ser empregadas.**

12: Amosar unha **actitude respectuosa, positiva e con predisposición ao traballo**, tanto na aula como na casa.

13: **Coidar e responsabilizarse do material** indispensable para un bo discurrir das clases e do traballo individual semanal (canas, instrumento, libros, partituras, etc).

14. Realizar ao menos os seguintes contidos por avaliación:

	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
TÉCNICA	CROMÁTICA, ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 3 ALTERACIÓNS Velocidade progresiva con diferentes figuracións e ritmos ata negra=96 nas 3 articulacións: Legato, staccato e dúas ligadas- 2 picadas.	CROMÁTICA, ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 4 ALTERACIÓNS Velocidade progresiva con diferentes figuracións e ritmos ata negra=96 nas 3 articulacións: Legato, staccato e dúas ligadas- 2 picadas.	CROMÁTICA, ESCALAS, ARPEXOS E INTERVALOS ATA 5 ALTERACIÓNS Velocidade progresiva con diferentes figuracións e ritmos ata negra=96 nas 3 articulacións: Legato, staccato e dúas ligadas- 2 picadas.
ESTUDOS	SALVIANI (4 estudos)/ 2 ESTUDOS DO SINGER OU LUFT (13-16) FERLING (2 estudos un lento e un rápido entre o 24-27); ou estudos de dificultade similar.	SALVIANI (4 estudos)/ 2 ESTUDOS DO SINGER OU LUFT (17-20) FERLING (2 estudos un lento e un rápido entre o 28-31); ou estudos de dificultade similar.	SALVIANI (4 estudos)/ 2 ESTUDOS DO SINGER OU LUFT (21-24) FERLING (2 estudos un lento e un rápido entre o 32-35); ou estudos de dificultade similar.
OBRAS	1 OBRA entre o repertorio orientativo	1 OBRA entre o repertorio orientativo	1 OBRA entre o repertorio orientativo

6.9.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación

1. A observación individual diaria e sistemática das sesións semanais constitúe un procedemento fiable e directo para recadar información acerca do progreso do/a alumno/a, atendendo a aspectos como a comprensión, a adquisición de coñecementos e destrezas, capacidade de auto observación e corrección e á participación activa.

2. Seguimento de tarefas. Hábito de traballo na aula e na casa, rendemento.
3. Observación de Audicións públicas ou de aula.

Ferramentas de avaliación:

4. Caderno de rexistro de seguimento do alumnado. Recollendo datos relativos ao traballo persoal diario, progreso, hábitos de estudo, tarefas, probas, audicións e aspectos actitudinais fronte a materia, así coma outra información relevante
5. Probas prácticas. Resolución/corrección de tarefas (exercicios, obras, estudos).
6. Rúbricas específicas: ferramenta que a través da secuenciación dos criterios de avaliación contribúe a garantir a obxectividade no proceso avaliado
7. Audición co posible apoio de gravacións de audio e/ou vídeo.

Poderá solicitarse por escrito permiso para a gravación de probas e/ou audicións con finalidade pedagóxica.

6.9.3.5 Criterios de cualificación

Responden a canto avaliar en relación co que se avalía, e corresponden aos seguintes porcentaxes

AVALIACIÓN CONTINUA	TRABALLO DE AULA 80%	TÁBOA DE PONDERACIÓN	
		ASPECTOS TÉCNICOS (respiración, articulación, dixitación, son, afinación)	40%
		ASPECTOS MUSICAIS- INTERPRETATIVOS (fraseo, expresividade, comprensión elementos,	30%
		ASPECTOS ACTITUDINAIS (hábitos de traballo, interés, responsabilidade material, autonomía, Rendemento)	10 %
	AUDICIÓN PÚBLICAS OU DE AULA	ASPECTOS TÉCNICOS:	10%

	20%	ASPECTOS MUSICAIS- INTERPRETATIVOS	10%
--	-----	------------------------------------	-----

No caso de non realizarse nalgún período de avaliación audicións públicas ou de aula, as porcentaxes corresponderán á avaliación continua no seu 100 % do xeito seguinte:

TÁBOA DE PONDERACIÓN	%
ASPECTOS TÉCNICOS:	50%
ASPECTOS MUSICAIS- INTERPRETATIVOS	40%
ASPECTOS ACTITUDINAIS	10%

Puntuación: respecto do sistema de puntuación reflectido a través dos boletíns de cualificacións trimestrais e a través da plataforma dixital CentrosNet, a indisponibilidade de empregar decimais, determina que a cualificación numérica trimestral mudará á nota numérica superior cando o número decimal sexa igual ou maior ca 5 (á alza), e á nota numérica inferior cando sexa menor ca 5 (á baixa).

Deste xeito, só se empregarán números enteiros.

6.9.3.6 Calibración

A calibración entre os docentes que imparten a mesma materia levaráse a cabo preferentemente a finais do primeiro trimestre. Acordándose o curso a calibrar, e/ou o método e a ferramenta para levala a cabo, mediante reunións de coordinación, as audicións públicas ou de aula e/ou rúbricas.

6.9.3.7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno ou alumna teña superado o 100% dos obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado dese/a alumno/a afirme ese acordo. Dita superación dos obxectivos constataráse por medio dunha proba na que se inclúan os contidos do curso anterior ao que se pretende ampliar. Serán de aplicación os criterios de avaliación e cualificación establecidos na programación para o remate de curso, agás a porcentaxe de actitude ao tratarse dunha única proba.

6.9.4 Medidas de recuperación

6.9.4.1 Medidas de atención a diferentes ritmos de aprendizaxe.

Reforzo educativo: para aqueles/as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, que teñan a materia pendente ou suspenderan algunha avaliación levarase a cabo un plan de traballo con novas actividades consistentes en:

- Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo persoal.
- Actividades menos complexas para que asimilen mellor os conceptos.
- Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido.
- Utilización doutros medios para presentarlle os contidos.

Actividades de ampliación: para aqueles/as alumnos/as que alcancen os obxectivos con moita máis rapidez, a estes/as alumnos/as proporíaselles:

- Afondar nos conceptos tratados.
- Estudos e obras de maior complexidade.
- Fomentar a súa participación en todas aquelas actividades organizadas no centro ou fóra do mesmo que poidan resultar beneficiosas para o seu maior progreso (cursiños, probas a orquestras de estudantes, concertos....)

6.9.4.2 Procedementos de recuperación ordinarios

Ao tratase dunha avaliación continúa a recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un/ha alumno/a teña pendente a materia de óboe, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Ao tratarse dunha avaliación continua, e considerando que non é posible perder o dereito a ser avaliado, cando sexa preciso avaliar a un alumno ou alumna que teña acumulada unha certa cantidade de faltas de asistencia, o docente empregará no momento de avaliar toda a información recollida despois de aplicar os criterios establecidos nesta programación. De non ser posible en todo ou en parte o desenvolvemento dunha avaliación obxectiva a causa da asistencia a clase escasa ou inexistente, o alumnado que se atope nesta situación será convocado a unha proba de recuperación ordinaria previa á avaliación, baseada nos contidos mínimos relativos á avaliación correspondente.

6.9.4.3 Proba extraordinaria de Xuño

Nos casos de que a cualificación sexa inferior a cinco, o/a alumno/a disporá doutra convocatoria no mes de xuño, data que será fixada pola dirección do centro. As obras, estudos e/ou exercicios a interpretar na proba extraordinaria serán notificadas ao/á alumno/a no seu correspondente informe de avaliación negativa entregado xunto co boletín de notas e/ou enviado por centros-net.

– Criterios de cualificación

Avaliaranse cunha representación do 10% sobre a nota final cada un destes aspectos:

- Avaliarase a postura do corpo no desenrolo da execución musical.
- Avaliarase a eficacia da técnica da respiración amosada.
- Avaliarase a calidade do son e a súa emisión.
- Avaliarase a calidade da articulación e do “legato”.

- Avaliarase a capacidade de afina-lo instrumento con respecto ó piano e a capacidade de mante-la afinación ó longo da interpretación.
- Avaliarase positivamente a presenza do vibrato controlado ó longo do desenvolvemento do discurso musical.
- Avaliarase a amplitude dinámica mostrada.
- Avaliarase a capacidade expresiva amosada.
- Avaliarase a coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
- Avaliarase a seguridade amosada durante o desenvolvemento da proba

6.9.5 Recursos didácticos

- **Técnica:**

- Escala cromática con distintas articulacións, ritmos e dinámicas.
- Escalas, arpejos e intervalos, con diferentes articulacións, ritmos e dinámicas ata o sol sobreagudo e de memoria. (Ata 6 alteracións).
- Diferentes exercicios para traballar vibrato, stacatto, soporte, columna de aire, notas sobreagudas ...

- **Estudios:**

- E. Singer, vol 3º. (1-15).
- H.M.R. Barret. 16 Grandes estudios. (1-8).
- W. Ferling, 48 Estudios melódicos (25-36).
- Crozzoli, 12 Estudios polirrítmicos (1-6).

- J.H. Luft. 24 Estudios.

-G. Passini, Malzer R. Die Spieltechnik der oboe.

- R.J.Koch. The technique of oboe playing.

- Varios (Ed. Peters).Orchester probespiel.

• **Obras:** Deberanse interpretar polo menos tres obras de distintos estilos.

- J. S. Bach. Concerto en Fa M.

- A. Vivaldi. Concerto en Fa M.

- P. Telemann. 12 Fantasías (2).

- W. A. Mozart. Cuarteto en Fa M.

- L. A. Lebrun. Concerto nº 1 en Re M.

- J. Haydn. Concerto en Do M.

- R. Schumann. Tres romanzas.

- F. Poulenc. Sonata para óboe e piano.

- A. Reicha. Recitativo e Rondó (corno e piano)

NOTA: Esta listaxe de obras e métodos é orientativa, podendo empregarse outros de parecida

dificultade que o profesor/a considere oportunos.

6.10. Curso: 6º De Grao Profesinal.

6.10.1 Obxectivos

Obxectivos do Decreto 203/2007

- a) Demostrar sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- b) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade acorde ao nivel.
- c) Practicar a fabricación de lingüetas dobres.
- d) Demostrar unha autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, etc.
- e) Coñecer as diferentes convencións interpretativas vixentes en distintos periodos da historia da música instrumental, especialmente referidas á escritura rítmica e á ornamentación.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h) Prácticar a música de conxunto, en formación camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con Orquestra e obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido de interdependencia dos respectivos cometidos.

Obxectivos 6º Grao Profesional.

a) Demostrar unha sensibilidade auditiva e un criterio estético persoal axeitado ao nivel, que inflúe positivamente na calidade sonora, no fraseo, afinación, direccionalidade, e na articulación...).

b) Interpretar un repertorio de obras representativas e acordes ao nivel que abarque diferentes correntes estilísticas; que permita amosar a capacidade de adaptación ao estilo así como o sentido do ritmo, da afinación e da harmonía.

c1) Demostrar autonomía no proceso completo da fabricación das lingüetas, sendo autosuficiente.

c2) Valorar a importancia e a repercusión da súa conservación na interpretación.

